



**FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA**, Portavoz e deputado do **GRUPO SOCIALISTA** na Deputación de Ourense, en base ao previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN NA QUE SE INSTA Á APERTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL** que espera sexa admitida en base á seguinte:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Se hai uns meses traíamos aquí a longa espera pola declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade, hoxe tócalle a vez ó noso patrimonio arqueolóxico-cultural. Sendo como somos, a provincia española que, trala de Palencia, posúe máis patrimonio románico, levamos xa case 16 anos agardando ter un espazo onde visitar parte do mesmo. E, dende logo, o románico só é unha parte das máis de 40.000 pezas que están almacenadas na Carballeira, no almacén del centro de formación profesional ocupacional Santa María de Europa, á espera de que se abra o Museo Arqueolóxico Provincial.

Dito edificio, un dos poucos exemplos que se conserva en Galicia do románico civil, ubicado na Praza Maior ó carón da Casa do Concello e que foi a anterior sé do Pazo Episcopal. As referencias que nos levan a el son numerosas pero só se pode admirar por fóra e, apenas, unha vez ó ano se pode ver un museo sen obras no seu interior. Xestionado pola Xunta e de titularidade do Estado leva máis de tres lustros co cadeado botado por mor dunhas obras de rehabilitación que parecen non rematar nunca. Aínda que foi adquirido no 1951 para a súa actual finalidade, non foi ata o ano 2000 cando se decidiu que chegara o momento de renovar a construción. Naquel impase, tanto as valiosas obras coma os servizos leváronse ó centro da Carballeira, onde non están á vista do público en xeral, só se dispoñibilizan para xornalistas e investigadores. Cómpre dicir, sen embargo, que pese a non ter espazo onde ubicar as obras, o museo segue a funcionar a través de pequenas mostras no convento de San Francisco, por exemplo ou no Museo Municipal de Ourense, entre outras. Daquelas, díxose que a obra estaría rematada para o 2003, Porén, nin sequera hoxe está adxudicada e soamente se avanzou escollendo un proxecto, no verán do 2015, mediante un concurso de ideas.

Ó mesmo tempo, a lentitude nos pasos a seguir e nas decisións a tomar, segue a ser a tónica dunha apertura pola que levamos agardando 15 longos anos. Ata o de agora só podemos destacar que se iniciou a tramitación da modificación do plan urbanístico (PEPRI) que regula o casco vello da cidade para poder executar a reforma do Arqueolóxico, co que xa se dá conta do estado no que se atopa o proxecto. Sen embargo, e pese á tentativa do goberno municipal de vender a reactivación da reforma, a cantidade consignada polo Estado nestes vindeiros Orzamentos semella unha broma de mal gusto: 250.000 Euros para unha obra que só os proxectos redactados e estudos previos, xa superan esa contía. Pola súa banda, todo parece indicar que, sexa polos titulares do edificio, Estado, ou polos que o xestionan en exclusiva, Xunta, o museo máis importante desta provincia segue co peche botado. A desidia e o desleixo



das distintas administracións durante todos estes anos, con sucesivos recortes e execucións parciais do orzamento cultural destinado a Ourense, fixeron o resto.

Dende o Grupo Provincial Socialista somos conscientes de que a catalogación patrimonial desta construción como BIC e Monumento Histórico, dificulta a reforma, pola protección que se debe establecer, pero isto non pode ser óbice para que se axilice a súa reapertura e se protexa o noso patrimonio provincial, agora mesmo aloxado en caixas. No aspecto turístico, a cousa non mellora e segue habendo multitude de referencias, mesmo oficiais, que localizan o museo na Praza Maior pero que esquecen indicar que alí non se pode ver nada. Na web dos museos de Galicia, da Xunta, indican que está pechado provisionalmente por obras de reforma, estirando, ata o límite o significado de provisional. Pola súa banda, a web de *Turgalicia* xa deriva ós posibles visitantes á mostra aloxada no conxunto de San Francisco sen indicar que a sé do museo é outra e que está sen abrir.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Provincial Socialista, somete a consideración desta Corporación a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDOS:**

1. Instar ó Ministerio de Cultura e ó goberno do Estado que aumente a dotación consignada nos Orzamentos Xerais do Estado previstos para este ano 2017, aínda en tramitación, no destinado á protección do patrimonio cultural da provincia de Ourense e, nomeadamente, no que se refire ó Museo Arqueolóxico Provincial. Así coma instar ó goberno a que, en calquera caso, no vindeiro orzamento se consigne a cantidade suficiente para rematar as obras e abri-lo público o antes posible.
2. Esixir da Xunta de Galicia, como institución responsable da xestión do Museo Arqueolóxico Provincial, que poñan en marcha todas as medidas ó seu alcance para que o proxecto de reforma sexa adxudicado e se concrete unha remodelación que se demora por máis de 15 anos e impide a apertura ao público do Museo.

En Ourense, 11 de maio de 2017

Asdo. O Portavoz

**-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**